

# Isabel Gómez Costas

Isabel Gómez Costas quedou viúva aquel infausto 12 de novembro en que A Caeira acolleu o fusilamento de dez destacados republicanos, entre eles o médico de Redondela Telmo Bernárdez, co que tivera dez criaturas. Daquela un dos nenos morrera, os dous maiores, Telmo e Jesús, estaban presos, e o seu fillo Basilio optaba por exiliarse no Uruguai tras o paso por Francia.

Tamén Isabel deixou Galiza. En 1937 tomou o camiño do exilio acompañada polo resto da descendencia. A filla máis pequena, Carmela, só tiña sete anos. A maior, Bela, tiña vinte e como os seus irmáns Telmo e Jesús era mestra e militaba na Federación Universitaria Española. Tras o golpe, foi afastada dunhas aulas nas que xa non tiña cabida o ensino ideado pola II República para reducir as desigualdades.

Isabel Gómez tentara evitar por todos os medios o asasinato do seu home. Como outras viúvas do 12 de novembro viaxara a Burgos co fin de acadar no cuartel xeral de Franco unha clemencia que ningunha delas atopou. Bela percorrera as casas de xente de dereitas de Redondela para pedir que asinasen a solicitude de indulto do seu pai. O irmán de Isabel, cura de Petelos, puxérase de xeonllos diante do asasino Víctor Lis para pregar que a clemencia obrigada para todo bo cristián salvase a vida do seu cuñado. Foi en van. Telmo Bernárdez Santomé, médico masón que chegou a ser xefe provincial de Izquierda Republicana tras o



seu paso polo agrarismo, foi condenado a morte aos 51 anos, naquela causa que xulgara a defensa da legalidade republicana realizada desde o Goberno Civil, unha defensa que xa lle custara a vida a Alexandre Bóveda, máximo responsable da súa coordinación, a Jacobo Zbarzsky, xefe das milicias, e a Gonzalo Acosta Pan, gobernador civil. Como o resto dos procesados, Telmo estivera nas dependencias gubernativas no escaso tempo transcorrido ata que caeu en mans golpistas, o 20 de xullo, acompañado por Telmo e Jesús, os fillos maiores.

Ao igual que o capitán de asalto Juan Rico, o avogado José Adrio, o editor Ramiro Paz, o xornalista Víctor Casas, os mestres Germán Adrio, Paulo Novás e Benigno Rey e os tamén médicos Amancio Caamaño e Luís Poza, Telmo Bernárdez entrou en capela ás catro da mañá do 12 de novembro. Pasaran os últimos días de cativeiro na Escola Normal, onde a súa filla Bela rematara había pouco os seus estudos de mestra. Antes pasara por San Simón e mesmo chegara a vivir un simulacro de paseo, segundo recolle o libro *O que fixeron en Galicia editado por A Nosa Terra*:

“Unha noite, o 3 de setembro exactamente, sacárono da súa cela varios gardas de asalto, dicíndolle que o ían matar para ‘abreviar’. O doutor Bernárdez en mans daqueles homes percorreu aquela noite un terríbel ‘vía crucis’. Levárono a varios lugares das aforas dicíndolle sempre que era para acabar con el dun balazo, mesmo o levaron diante da porta da súa casa e ameazárono con matalo alí mesmo”.

Os dez condenados foron trasladados á Caeira ás sete e cuarto da mañá. Pola súa condición de militar, Juan Rico foi fusilado de primeiro, só. Logo chegou a quenda do resto. Matounos un pelotón composto por un oficial e 36 homes do rexemento de Artilería número 15, a mesma na que estaba recluído o seu fillo, Telmo Bernárdez Gómez. Unha camioneta trasladou os seu cadáveres ao cemiterio municipal de San Amaro, e alí os deixaron amoreados ata que as familias os recolleron. O corpo do doutor foi amortallado por Elena Pereira Otero, filla da mestra Ernestina Otero, tamén veciña de Redondela. Levaba no peto interior da súa chaqueta unha estampa de Santa Gemma que acabou furada polas balas vertidas polos golpistas aos que a igrexa outorgara as súas bendicións.

Elena tiña vinte anos pero os seus cabelos ficaran completamente brancos tras asistir ás farsas de xuízo que condenaran, entre outros, o médico amigo. Na súa causa de defunción, como na do resto, un insuficiente apuntamento: “hemorragia interna”.

Todo acabara para eles. Todo mudara para as súas familias. A de Telmo foi moi perseguida. O seu fillo maior tentara en xullo impedir a incorporación dos quintos ás filas fascistas, e o 15 de setembro foi detido. Agardou no cuartel de San Fer-



nando a celebración dun xuízo no que o fiscal solicitaba pena de morte, sendo condenado finalmente a cadea perpetua. Ademais impuxéronlle unha multa de 25.000 pesetas, que se sumaban a indemnización recollida na sentenza do seu pai: un millón de pesetas a pagar subsidiariamente polos dez condenados. Unha cifra imposible que provocou a incautación dos bens de todas as familias, incluídas a súa. Isabel trasladou unha petición ao xulgado para poder retirar os móbeis da casa que xa non era da súa propiedade, mais só lle autorizaron a levar roupa, cama e o enxoval para mudala.

Telmo Bernárdez Gómez estivo preso en Pontevedra, Ponte Caldelas, San Simón e Figueirido antes de ser trasladado ao durísimo penal navarro de San Cristovo (Ezkaba), onde o 22 de maio de 1938 participou nunha fuga de presos. Mais desarmado e morto de frío, non puido alcanzar a fronteira francesa e regresou, permanecendo en Ezkaba ata o 18 de marzo de 1939, data na que foi enviado á Prisión Central de Figueirido. En outubro dese ano volven trasladalo á illa de San Simón, e alí estivo preso ata que o 28 de agosto de 1940 obtivo a liberdade. Marchou entón a Portugal onde permaneceu ata 1947, ano do seu embarque no pesqueiro Nacala rumbo a Veracruz, para reunirse co resto da súa familia.

Foi Jesús o primeiro que acadou acubillo no exilio mexicano. Tras pasar un tempo detido en Redondela e San Simón, en decembro de 1936 logrou fuxir a Portugal, concretamente a Porto. De aí pasou a Bordeos, París e Nantes para volver a entrar en España nun barco noruegués e incorporarse en Cataluña ao exército republicano. Conseguiu o grao de tenente na *Escuela Popular de Guerra* de Barcelona e loitou na batalla do Ebro. Ao remate da guerra cruzou os Pireneos para alcanzar Francia, e permaneceu internado no Campo de Concentración Argèles Sur Mer. Grazas á mediación do Servicio de Evacuación de Refuxiados Españóis (SERE) que lideraría un tempo o pontevedrés Bibiano Fernández Osorio-Tafall, logrou embarcar o 13 de xuño de 1939 no Ipanema xunto a outros novecentos refuxiados máis, rumbo a México. Desde alí, tramitou a viaxe da súa nai e os seus irmáns, excepto Basilio, que estivo primeiro no Uruguai, e Telmo, que permanecía preso en Galiza.

No momento do golpe, Jesús Bernárdez Gómez era mestre en Beluso, e o seu irmán Telmo que antes pasara polas escolas de Lérez e Mos, no de Bueu. Como Bela, os dous estudaran na Escola Normal de Pontevedra, onde chegara o contacto coa política a través da FUE. Con dezaioito anos, Jesús afiliouse á ORGA de Casares Quiroga, partido logo anexionado a Izquierda Republicana, chegando a ser presidente das Xuventudes de Redondela e membro do Comité provincial.

Bela traballaba nunha escola do rural cambadés. Grazas ao blog Non des a esquecemento de Luís Bará sabemos da súa vida antes do golpe: “Tocaba o



piano na casa familiar, gozaba nadando e practicando o remo na praia de Cesantes, e vivía feliz o noivado con Antonio Ocampo Otero”. Sabemos tamén que tivo que agocharse en Mos para evitar a vexación da rapa: “Foron buscar a Bela para rapala porque levava a bandeira republicana nas manifestacións despois do triunfo da Fronte Popular. Mais o que quedaba da familia Bernárdez Gómez estaba a salvo, refuxiada en Tameiga (Mos), baixo a protección de amigos e familiares”. E por Bará coñecemos ademais do periplo de Isabel e a súa descendencia no exilio. Como xa dixemos, a viúva do doutor deixou atrás a súa casa de Redondela e o refuxio de Mos a finais de 1937 para, axudada polo avogado Juan Amoedo, tomar camiño ao Porto e conseguir refuxio na casa solidaria do matrimonio redondelá Silo Cal Muíños e Amélia Brandão, que tamén axudaran a Jesús na súa fuxida. Con ela viaxaban Pedro, Bela, Carmen, María, Rita e José. Chegan a América a finais de 1939. Do Porto pasan a Bordeos, onde acadarían axuda do cónsul francés, amigo do matrimonio, e despois a París, onde residen dous anos ata a entrada dos nazis, que provocara a súa saída cara a México, con estadía previa en Nova York.

O arquivo da emigración galega recolle que viaxaron “dende o porto de Le Havre e, protexidos por acoirazados ingleses, van rumbo a Nova York onde reciben axuda das Sociedades Hispanas Confederadas. Posteriormente viaxarán ata a fronteira mexicana, e nun autobús chamado El Águila Roja, van ata México D.F. onde xa os esperaba Jesús”<sup>1</sup>.

Jesús Bernárdez Gómez foi un dos promotores do afamado Colegio Madrid de México, que o exilio español pon en marcha seguindo os patróns da Institución Libre de Enseñanza, así como do Instituto Hispano-Mexicano Ruiz de Alarcón. Afastado das aulas españolas polos fascistas, despregou a súa valía como docente na patria que lle proporcionou o exilio e ata formou a mestres como profesor de Matemáticas no *Instituto Nacional de Capacitación del Magisterio* e como catedrático de Análise Alxebrica na *Escuela Normal Superior*. Unha biografía súa, recollida no proxecto *Exiliados en México. Política e socialibilidade, da Cátedra do exilio*<sup>2</sup> explica: “A capacidade pedagóxica de Bernárdes plasmaríase no enorme éxito dos seus manuais matemáticos, algúns dos cales chegaron a superar o medio millón de vendas”, sendo o seu *Tablas matemáticas*, “un dos tratados matemáticos máis prestixiosos e populares de México”.

O seu irmán José, que apenas tiña doce anos cando foi o golpe, puido estudar Medicina, e Carmela, que se converteu en exiliada con 7, fixo Ciencias Químicas,

---

1 Información proporcionada por Belén Otero en base a datos aportados por Carmen Azorín Bernárdez, neta de Isabel e á entrevista que Nancy Pérez lle realizou a Telmo Bernárdez Gómez, o fillo de Isabel, en 2001.

2 Pode consultarse en <http://exiliadosmexico.blogspot.com>



ao igual que a súa irmá Rita. Pedro rexentou a librería *Washington* e posteriormente tivo unha tenda de móbeis.

A pesar da súa nova vida, Jesús nunca esqueceu a República Española e o sacrificio que a súa defensa supuxera para a súa familia. Cada xoves, segundo conta o arquivo, acudía a un xantar colectivo no Centro Republicano de México e tamén mantivo relación con outros socialistas galegos exiliados nese país. Aínda que, como o resto da familia, sempre residiu en México, logo da morte de Franco viaxou a Galiza, igual que o seu irmán Telmo. De feito durante os últimos anos da súa vida, que se apagou no país de acollida o 15 de outubro do 2009, Jesús pasou longas temporadas en España e foi un dos fundadores do *Centro de Investigaciones y Estudios Republicanos* (CIERE), que sostido principalmente por contribucións económicas do exilio, naceu co obxectivo de divulgar “o pasado, presente e futuro do republicanismo español”.

Pola súa banda, Telmo Bernárdez Gómez traballou, á súa chegada a México en 1947, como visitador médico e representante de laboratorios e, segundo conta o arquivo recollido na web do Consello da Cultura Galega, “co tempo, chegou a ser axente comercial do laboratorio Servé da *International Chemical* para Centroamérica, o que lle permitiu viaxar e establecer diferentes residencias. Nos últimos anos da súa vida laboral, e xa instalado en México D.F., traballou como administrador de varias empresas inmobiliarias”.

Isabel nunca regresou á súa terra.

Cando xa levaba anos no exilio, un grupo de mulleres de Redondela iniciaron unha recadación de cartos para colocar unha lápida no panteón en que fora inhumado Telmo tras o traslado desde Pontevedra, pero cando conseguiron xuntar a cifra necesaria, a Garda Civil incautoulle os cartos amosando canto lles duraba a xenreira. Mais a lembranza do que pola súa xenerosidade chamaran o médico dos pobres foi aínda máis teimuda e acabaron costeando a súa placa amizades da familia.



## BIBLIOGRAFÍA

- ÁLVAREZ CASTRO, XOSÉ: *Pontevedra nos anos do medo*. Xerais, 2013
- BARÁ TORRES, LUÍS: *Non deas a esquecemento*. IEM, 2017
- LAMELA GARCÍA, LUÍS: *Inmolados gallegos*. Edicións do Castro, 1993
- VV.AA: “*Exiliados en México. Política y sociabilidad*”  
<http://exiliadosmexico.blogspot.com/>
- *O que fixeron en Galicia*. A Nosa Terra.
- Arquivo da emigración galega. [www.consellodacultura.gal](http://www.consellodacultura.gal)